



Consonde ao disposto no apartado 3.21.2 da Resolución do do 12 de xuño de 2020, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade, pola que se dá publicidade do Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para fazer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade, a Secretaría Xeral para o Deporte ditou a Resolución do 15 de xuño de 2020, da Secretaría Xeral para o Deporte, pola que se aproba o protocolo Fisicovid-DxT galego polo que se establecen as medidas para fazer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19 no ámbito do deporte federado de Galicia.

No apartado segundo dispone que cada federación deportiva galega elaborará o seu propio protocolo consonde o contido desta norma básica, atendendo ás súas modalidades e especialidades deportivas, e no apartado cuarto que as federacións deportivas galegas comunicarán á Secretaría Xeral para o Deporte os seus respectivos protocolos así como a persoa que asuma os labores da súa coordinación e seguimiento.

Na data do 9 de setembro de 2020 a Federación Galega de Ciclismo comunica á Secretaría Xeral para o Deporte unha **modificación do protocolo, vinculado ao cumprimento dos deportistas a mantener a distancia interpersonal de 1,5 metros determinando medidas de penalización** para a práctica de competición do Ciclismo, nas especialidades de ciclismo en estrada, BTT, ciclocross e ciclismo para todos e escolas.

Roberto García Fernández, como Xefe do Servizo de Deportes da Delegación Territorial de Coruña e coordinador do grupo de deportes ao aire libre.

#### CERTIFICA

**Que o protocolo da Federación Galega de Ciclismo para a práctica do ciclismo en estrada, BTT,Ciclocross e ciclismo para todos e escolas se aadecua ao disposto no protocolo Fisicovid-DXTgalego polo que se establecen as medidas para fazer fronte á crise sanitaria ocasionada pola COVID-19 no ámbito do deporte federado de Galicia.**

A coruña a 11 de setembro de 2020

